

SUPERTURONIO

2020-2021



OLIMPIADA DE XEOLOXÍA 2021

O pasado día 24 de febreiro oito alumnos de cuarto no noso instituto participaron na fase galega da Olimpíada de Xeoloxía. Foi unha mañá chea de retos xeolóxicos primeiro en equipos e logo de xeito individual. Este ano desenvolveuse a través da plataforma on line da Escola de Minas e Enerxía do campus da Universidade de Vigo. A nosa compañeira Carla Corbacho Vicente acadou o premio especial para os participantes de cuarto de secundaria e recibiu xunto ao resto dos participantes uns agasallos como recordo desta boa experiencia. Parabéns para ela!

A continuación, reproducimos as palabras de Carla:

Experiencia de premio

Para min a olimpíada foi un obxectivo en mente dende o día que souben dela. As prazas estaban limitadas polo que, para ir tiñas que sacar unha das catro mellores notas da clase, e sabía que se non me esforzaba un pouco, era moi probable que a nota non fora suficiente para poder ir polo que fixen todo o que estivo na miña man para ter unha boa media e poder participar na proba, algo que, ao final deu resultado.

Decidín preparar un pouco o exame cos apuntes que tiña do curso e estudando ademais algúns conceptos que non viramos na clase cun libro de xeoloxía da mestra. E creo que iso axudoume bastante xa que, no exame tipo test saíron algunhas das cousas que repasara, aínda que houbo preguntas que as respondera un pouco ao chou.

O máis divertido sen dubida algunha foi o traballo en equipo. Era unha proba longuíssima, tiña moitas preguntas de diferentes apartados. Había cousas que nin tan sequera sabíamos e puxemos máis dunha barbaridade.

A entrega de premios atrasouse uns días, e foi unha longa espera. O que máis me sorprendeu foi ver o meu nome entre os premiados, fíxome moita ilusión

aínda que non mo podía crer. De feito pensaba que outras persoas que ían comigo tiñan máis posibilidades de gañar.

Espero que as persoas que escollan bioloxía e xeoloxía o ano que ven poidan ir a estas olimpíadas porque de seguro pasarano moi ben, eu se puidera repetiría.

Carla Corbacho 4ºB



ALUMNOS DE 1º É OS RETOS RESPONSABLES

Este terceiro trimestre as profesoras de bioloxía nos retaron aos compañeiros de 1º da ESO a facer unha actividade cada semana que contribúa a un desenvolvemento máis sostible.

O primeiro reto foi reciclar os plásticos tirados na casa, e enviar unha foto da bolsa para concienciar da cantidade de lixo que xeran os encoros. Despois diso a todos os que cumpriron se lles deu unha bolsiña para gardar a froita á hora de mercar.

Outras semanas foron retos coma non tomar carne un día, utilizar deterxente caseiro, unha semana sen tomar alimentos con aceite de palma... e ata houbo retos colectivos coma o de recolectar aceite usado da cociña, onde competían os catro primeiros e 1ºD foi o gañador. Tamén aproveitando o reciclar o aceite, puidemos facer unha pequena excursión ata o contenedor de aceite usado, xusto ao lado da praza.

Dígochoeu!

O 12 de Maio o centro participou na conexión coa xornalista e presentadora Esther Estévez, que púxolle cara a un dos proxectos revelación deste 2020, o #DígochoEu, que é todo un exemplo de dignificación da lingua e de motivación para a xuventude.

Mediante un streaming en directo, Esther e os responsables do programa explicaron como xurdiu a idea, como se fan os capítulos diarios do #DígochoEu e os vídeos de TikTok (onde a iniciativa acumula máis de 100.000 seguidores) e animaron o alumnado a crear o seu propio contido en galego.

Nese capítulo cero anunciouse tamén o contido dos próximos programas en Twitch (que incluírán un concurso semanal e unha sorpresa relacionada co mundo lusófono), e o lanzamento dunha páxina web específica que recolle todos os vídeos do #DígochoEu, para que fora de utilidade para o profesorado.

Durante a emisión, contactouse en directo por videochamada con varios centros de Galicia para que o alumnado puidera preguntar as súas dúbidas e falar con Esther.

Día das Letras

O instituto programou un ciclo de actividades arredor da celebración das Letras Galegas. Tendo en conta a situación sanitaria, as actividades desenvolveranse no propio centro e de forma telemática.

O 12 de maio abriu a programación o espectáculo PUNKDEMIA do clown Peter Punk, unha sesión de teatro, circo e malabares para reflexionar sobre a situación actual e tamén para achegar unha visión crítica ao actual estado da

lingua galega amenizado de humor. A actuación será ao aire libre para todo o alumnado e profesorado e está cofinanciada pola ANPA Miñor.

O venres 21, o músico e ex alumno do centro, Xurxo Antúnez, impartiu un obradoiro de música galega e canto tradicional. Xurxo foi un dos recuperadores do grupo Os Terribles de Donas e actualmente desenvolve unha intensa actividade por toda a comarca con obradoiros de música galega e co seu grupo Tradisión.

E na última semana de maio, desde Radio Turonio farase o programa especial "Con Xela nas ondas!" sobre a poesía de Xela Arias e a súa biografía. Este programa será divulgado en redes sociais e desde a web do centro.

Ao mesmo tempo, estase a desenvolver o proxecto CABAL, unha actividade realizada coa Facultade de Tradución da Universidade de Vigo para iniciar ao alumnado na práctica da tradución. Neste curso, a figura de Xela Arias, destacada tradutora de obras á lingua galega, ten todo o protagonismo. O alumnado de 3º e 4º da ESO, titorizado por profesores e alumnos da Facultade están a traducir poemas de Xela Arias ao castelán.

RADIO TURONIO CELEBRA O DÍA MUNDIAL DA RADIO 2021

Baixo o lema "Novo mundo, nova radio" proposto pola UNESCO para a celebración deste día, Radio Turonio sumouse á convocatoria realizada por Ponte...nas Ondas! cunha programación e un vídeo-presentación da radio do centro.

Luns en galego

O 3 de maio púxose en marcha a iniciativa do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG): “**Luns en galego**”. Tratouse dunha actividade de normalización do uso da lingua galega, algo especialmente necesario nun centro en que, como nos da nosa contorna, a nosa lingua propia está cada vez menos presente entre o alumnado.

A actividade desenvolveuse durante os luns do mes de maio (3, 10, 24 e 31) como parte da celebración do Día das letras galegas, que nesta data, tivo por protagonista a Xela Arias. A proposta foi dirixida a toda a comunidade educativa e tivo un carácter voluntario.

No caso concreto do profesorado, consistiu en que, á marxe da lingua empregada nas aulas co alumnado (sexa galego, castelán, inglés, francés ou portugués), todas e todos os que quixésemos participar usáramos o galego durante toda a xornada, co alumnado, co profesorado e co persoal non docente, nos corredores, no patio, na cafetaría e noutros espazos do centro. O alumnado foi o destinatario central desta actividade, na que convidamos a vivir toda a xornada do luns na nosa lingua, coa finalidade de reverter os negativos datos do uso da nosa lingua na mocidade.

Para promover a iniciativa, colocáronse cartaces nas aulas e na biblioteca, e cada luns podeuse levar un imperdible co lema “eu amo os luns en galego”. Nos días previos o profesorado de lingua galega informou o alumnado nas aulas e tamén se facilitou que un grupo de alumnas e alumnos, acompañados de profesorado, puideran elaborar os imperdíbeis para as persoas que se sumen á iniciativa.

Certame de micropoemas Beatriz da Serra

Os Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) dos IES Escolas Proval (Nigrán), do IES Terra de Turonio (Gondomar), do CEIP Carlos Casares

(Nigrán) en colaboración cos concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona, convocaron os II Certame de Micropoemas Beatriz da Serra, en homenaxe á muller de Baiona que no século XVII escribía cartas en galego co Conde de Gondomar. Nel participou o alumnado dos centros públicos do Val Miñor entre 9 e 20 anos, debendo redactar poemas orixinais e inéditos, de temática libre, escritos en galego. Os micropoemas tiveron unha extensión máxima de 8 versos e mínima de 3. Os premios entregáronse nun acto poético organizado polos centros convocantes nas actividades do Día das Letras Galegas.



Concurso de microrrelatos 25 de Novembro

IDEAS

Igualdade e Diversidade Afectivo Sexual

O grupo de igualdade e diversidade do instituto IDEAS, convocou a semana do 25 de novembro un certame de microrrelatos para conmemorar o Día internacional pola eliminación da violencia de xénero. A participación foi aberta a todo o persoal do centro: alumnado, profesorado e persoal non docente.

O xurado do concurso quere felicitar á comunidade educativa, pola alta participación e pola calidade dos textos recollidos.

Outorgáronse obsequios a todos os finalistas nas tres categorías da convocatoria: Alumnado de 1º e 2º, alumnado de 3º e 4º, Profesorado e persoal non docente.

Asimesmo houbo varios accésits en cada categoría.

Finalmente, concedéronse dous premios a sendos microrrelatos en cadansúa categoría, pois eran varios os textos que podían ser merecedores.

Todo un éxito!!! Parabéns para os gañadores e grazas a todes por participar.

8 de marzo 2021

O grupo de igualdade e diversidade, **IDEAS**, quixo visibilizar este **8 de marzo**, a loita das mulleres trans, un colectivo dobremente oprimido, por seren mulleres e por seren transexuais.



Charla da axencia de doazón de órganos e sangue



O 27 de xaneiro o alumnado de terceiro da ESO do noso instituto recibiu unha charla impartida pola axencia de doazón de órganos e sangue galega. Foi unha videoconferencia moi entretida e interesante na que ademáis de recibir información emocionámonos co testimonio de Celso, un transplantado de ril xa fai 26 anos.

Texto de Igualdade

Necesidade?

Sinto pena polos homes que cren que son superiores ás mulleres, porque están convencidos diso, pero non é certo. Que pasaría se as mulleres se puxesen folga? Todo morrería. Imaxina que imos facer unha folga de embarazo; a humanidade extinguiríase.

E se só abortamos aos nenos? Os homes extinguíranse (obviamente non é unha ameaza, só un exemplo) e se deixamos de facer as tarefas domésticas, como cocíñar, lavar e pasar o ferro? Os homes non terían forzas para traballar fora da casa debido á falta de comida e estarían noxentos.

E se deixamos de coidar aos nosos fillos e fillas? Enfermaranse, non estudarían e estarían moi sucios, no peor dos casos morrerían. Ben, porque cando me poño "teimuda" diante da miña familia adoitan dicirme: "Segue así, ningún home te vai querer". Quizais sexa unha necesidade que un home me queira? creo que non, as mulleres e os homes son igual de importantes, un home non pode ter fillos sen muller e as mulleres non poden ter fillos sen home (aínda que están a buscar un xeito de as mulleres para ter fillos sen homes, e crese que no futuro poderemos facelo) somos iguais e ningunha das dúas debería pensar que son superiores e aínda menos necesitan o outro dese xeito.

Uxía Domínguez Toledo 1º B.

O CENTRO RECOLLE IMAXES DO PATRIMONIO CULTURAL DA COMARCA



A actividade consistiu nun traballo de recolla da imaxes do patrimonio cultural, organizado polo Departamento de Lingua e literatura galega, para participar no III Certame “As imaxes do patrimonio”.

Traballo de recolla

No proceso participou a maior parte do alumnado do centro realizando unha procura de imaxes na contorna familiar onde descubriron, xunto coas fotografías, unha grande cantidade de historias e anécdotas das súas familias. As imaxes foron dixitalizadas para a súa conservación e cada alumno/a elaborou un texto sobre cada fotografía. Esta actividade permitiulle ao alumnado coñecer a súa propia historia e a da súa familia. Un diálogo interxeracional que contribúe a transmitir este patrimonio inmaterial ás novas xeracións.

Exposición

Coas imaxes e os textos organizouse unha mostra impresa no centro con proxeccións e difundíuse entre o alumnado nas redes sociais.

Xunto coas imaxes recolléronse interesantes historias de vida e memorias de feitos relevantes para a comarca. Por exemplo, unha alumna achegou unha fotografía do seu bisavó, mestre gaitero do grupo Os Galiños de Belesar, que participou na inauguración da RTVE en Prado del Rey en Madrid. A imaxe do seu bisavó testemuña este feito aparecendo vestido de gaitero no parque do Retiro en Madrid. As imaxes do NODO sobre a inauguración de RTVE recollen esta actuación.

As romarías das Angustias de Nigrán, as festas dos Milagres de Peitieiros, a Virxe dos aflixidos de Zamáns son algunhas das fotografías que mostran as raíces das celebracións festivas da comarca. Outras de carácter máis etnográfico mostran os traballos das leiteiras levando o leite a Vigo, do xa desaparecido curro de Vilas, en Morgadáns, os primeiros xogos de bolos ou traballos agrícolas como as labradas, sementeiras ou colleitas.

Unha das imaxes máis curiosas mostra a chegada do presidente de Arxentina Juan Domingo Perón, a Madrid, durante o seu exilio no que participou un familiar dun alumno do centro.

Premio no 3º certame “As imaxes do patrimonio”

Na participación no certame que convoca Ponte...nas ondas! entre centros educativos galegos e portugueses o instituto obtivo un accésit na categoría de ensino secundario. A imaxe premiada foi á da alumna Paula Comesaña de 3º ESO que presentou unha fotografía da súa avoa, cun texto manuscrito no reverso, que no seu día foi empregada para comunicar o seu estado de saúde ao pai emigrado en Uruguay. No texto descritivo, Paula conta:

“Esta é a miña avoa Elsa con 11 meses de idade. A foto foi tomada na parroquia de Santa María de Chaín, Gondomar, para que o seu pai, Marcelino, que emigrara a Montevideo-Uruguay, coñecera a súa filla, que naceu estando el alí.

Por detrás desta foto, a súa nai, Dorinda Nieves (miña bisavoa), escribiulle como se atopaba a nena”.

Patrimonio como identidade

O nome do instituto, Terra de Turonio, identifícao co territorio onde se sitúa e coa súa primeira denominación, documentada desde o século V no Cronicón de Idacio, bispo de Chaves.

Neste curso, cando se cumpren 20 anos da súa creación, o centro estrea un novo logotipo que acolle dous elementos que lle dan identidade: os cabalos e a serra do Galiñeiro. O ciclo de “Condución de actividades físico-deportivas no medio natural” permite ao alumnado un coñecemento directo do medio e do seu patrimonio con prácticas reais.

AS IMAXES DO PATRIMONIO DA TERRA DE TURONIO

O instituto Terra de Turonio de Gondomar é, desde o ano 2004, un dos centros promotores do patrimonio inmaterial galego-portugués. O patrimonio inmaterial son aquelas cousas que non se ven mais que forman parte da nosa vida: a lingua, a música, os saberes, a festa...as expresións que nos identifican e sobre as que construímos o noso universo cultural.

A UNESCO considera que o patrimonio cultural inmaterial (PCI) son as prácticas e expresións vivas herdadas dos nosos antepasados e transmitidas aos seus descendentes como as tradicións orais, as artes escénicas, os usos sociais, rituais, actos festivos, coñecementos e prácticas relacionadas coa natureza e o universo e os saberes e as técnicas vinculadas á artesanía tradicional.

A asociación Ponte...nas ondas!, entidade acreditada pola UNESCO, vén traballando cos centros educativos de Galicia e Portugal para que este patrimonio sexa coñecido e transmitido ás novas xeracións. Entre outras actividades leva desenvolvido xornadas de radio, mostras da oralidade e certames de recolla deste patrimonio.

O **Certame AS IMAXES DO PATRIMONIO** pretende recoller aquelas fotografías que as familias teñen nos seus álbums e que se relacionan con algún dos ámbitos deste patrimonio. Estas imaxes gardan a memoria das vivencias e as historias de vida das persoas e familias. Coa colaboración do alumnado, accedendo a estas imaxes, podemos coñecer unha boa parte expresións e manifestacións que desapareceron ou que son descoñecidas.

Desde o Departamento de Lingua e Literatura Galega e a Dirección do centro, vense organizando a participación do alumnado que en anteriores edicións xa tivo premiados do noso centro no Certame. Pódense ver as imaxes de todos os certames no portal Web www.escolasnasondas.com.

Algunhas das imaxes e os textos que se presentan nesta publicación participaron no 3º Certame e formaron parte dunha exposición que se realizou

no centro. Queremos agradecer ao alumnado e ás familias a súa participación e colaboración.

Agora compartimos unha selección de imaxes comentadas por alumnado da ESO, e animámosvos a preservar este patrimonio.

FOTOS DE 1º DA ESO



Aroa Alborés Fenández 1ª

Esta foto está tomada en Uruguai no ano 1930. Nela aparece a familia dunha tía da miña avoa paterna, que emigrou dende Gondomar ata América. Antes e despois da Guerra Civil española, moita xente tivo que emigrar porque aquí había moita pobreza e noutros países vivíase mellor.

Primeiro marchou o seu tío, que empezou a traballar de axudante nunha tenda,e,uns anos máis tarde,reuníronse todos alá,menos a irmá pequena que aínda non nacera. Na foto pódese ver una familia formada por dous nenos, tres nenas e os seus pais. Todos moi ben vestidos e cunha gran casa.

Éran propietarios dunha pequena tenda de ultramarinos,que nos días de festa convertíase en restaurante. Ata poñían mesas fóra do local! Isto é o que recorda a miña avoa, do que lle contaba a súa nai cando ela era pequena. Di

que recibían noticias deles por cartas, e que nalgunhas ocasións, mandaban fotos como esta. Pódese dicir que a vida lles foi ben máis, actualmente, a miña avoa non sabe nada desta familia.



Ruth Rial Quilis 2ª

A foto foi tomada no ano 1961 na zona de Xián, Vincios; nela aparece unha veciña miña cos seus pais e unha familiar que están labrando no campo. Están situados ao fronte do monte do Castro que está no barrio de Xián. Na imaxe podemos ver como traballan no campo con bois, xa que nestes tempos non había os avances tecnolóxicos que hai hoxe en día. Só se traballaba, con bois porque as vacas non tiñen a forza necesaria para facer ese tipo de traballos, en cambio as vacas eran empregadas para a venda de leite. Se nos fixamos na imaxe podemos ver que as mulleres ían en vestido a traballar no campo, tiñan esa norma, xa que nos tempos de antes estaba mal visto ver a unha muller sen vestido. Algo tamén moi peculiar destes tempos é que a xente empezaba a traballar no campo cunha curta idade e ao mellor pasaban alí toda a tarde axudando aos seus pais ata a noite; como podemos ver na imaxe a miña veciña con aparencia de ter poucos anos. O que tamén me chamou a atención

foi que non había case vivendas, isto débese a que nestes anos as familias vivían ou todos no mesmo fogar,ou preto entre eles.



Irene Rial González 3º A

Esta imaxe está sacada no ano 1960, no barrio de Brandufe, en Vincios (Gondomar, Galiza). Na foto están apoiadas nunha moto Vespa, miña avoa Rosa co seu vestido branco e coas súas amigas, unha delas chamábase Albina, que ía cun vestido branco a cadros. Outra delas chámase Estrella, cun vestido negro xa que estaba de loito pola morte da súa avoa. As tres estaban dando un paseo pola estrada cando decidiron sacar a foto. Detrás delas estaba o baile das “Jateñas”. Naquela época, segundo me di miña avoa, non ían todos os domingos ao baile, ían un domingo si e un domingo non. Cando non ían, daban paseos pola estrada de Vincios. Os vestidos que levaban era a forma de vestir dos anos 60, feitos por elas mesmas, menos no caso da miña avoa que llo fixo a súa amiga Albina, que era unha moi boa costureira a pesar de que lle faltaba unha perna dun accidente cando era nena. Cando ían ao baile en Vincios, gustáballes moito bailar coa orquestra de Juanito, que era de Valadares (Vigo), bailaban pasodobres, xotas, muiñeiras... segundo fora o día.



Sara Chamadoira 4ºB

Esta imaxe é do Curro de Morgadáns, no ano 1968. Neste día xuntábase moitísima xente, ben porque eran donos dalgún cabalo, ben porque lles gustaba presenciar esta tradición.

Miña tía cóntame que cando era unha nena ía ó curro cos seus pais e os seus avós. Cando foi tomada esta foto xa estaban algúns dos irmáns do meu pai. O curro era un día importante para a familia, xa que posuían arredor de 20 cabalos que tiñan que marcar coas súas iniciais, "CH".

Meu avó sempre falaba "daqueles tempos" e contaba como estaba en boca da xente que se achegaba o curro. Alí reuníanse máis de 200 cabalos, comíase no chan e gozábbase en familia. Xa os meus bisavós tiñan cabalos así que meus avós viviron este día dende moi novos.

Ademais, meu avó foi moitos anos presidente do curro e tiña que organizalo. Na fotografía tomada por el vese ese momento no que o Curro de Morgadáns estaba cheo de vida e ninguén imaxinaría que co paso dos anos este acontecemento quedaría, para moitos, no esquecemento ou en imaxes como esta.